

Temas 24.- As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Orzamento das Entidades Locais: Conceptos esenciais da súa aprobación e execución. O orzamento xeral das entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: Especial referencias ás Bases de execución do Orzamento. A prórroga do Orzamento.

Tema 25.- As fases de execución do Orzamento. A liquidación do Orzamento: Confección e aprobación, os remanentes de crédito, o resultado orzamentario e o remanente de tesourería.

Tema 26.- A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdicionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.

Tema 27.- Os bens patrimoniais das entidades locais. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. O inventario.

Tema 28.- As formas de actividade das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. A actividade de fomento. O servizo público nas entidades locais. Os modos de xestión. Especial referencia á concesión de servizos e á empresa pública local. O consorcio.

Tema 29.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas.

Tema 30.- Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta.

Alfoz, 15 de marzo de 2016.- O alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0844

LUGO

Anuncio

FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servicio de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo de contrato:** Xestión Servicio Público

b) **Descrición do obxecto:** É obxecto do presente contrato a xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión, maila xestión dos canais de publicidade dos autobuses, no ámbito do termino municipal de Lugo

3.- Tramitación e procedemento.

a) **Tramitación:** Ordinaria

b) **Procedemento:** Aberto

c) **Publicidade:** Si

Anuncios de licitación: DOUE do 18/04/2014 , BOP do 30/04/2014, BOE do 08/05/2014 e no perfil do contratante

Anuncio corrección erro anuncio licitación BOP do 08/05/2014 e no perfil do contratante

Aviso de suspensión procedemento licitación no perfil do contratante do 26/05/2014

Anuncios de continuación do procedemento: DOUE do 30/07/2014, BOP do 05/08/2014 e BOE do 07/08/2014 e no perfil do contratante

4.- Tipo de licitación:

a) **Orzamento máximo do contrato:**

O prezo unitario por quilometro ascende a cantidade de 2,30 euros.

O valor estimado do contrato 60.799.083,42 euros.

5.- Adxudicación:

a) **Data:** 10/02/2016

b) **Contratista:** AUTOBUSES URBANOS, S.A.

c) **NIF:** A27007780

d) **Nacionalidade:** Española

e) **Orzamento máximo do contrato:** 2.994.186,30 € para a anualidade 2016

6.- Formalización:

a) **Data de formalización:** 18 de marzo 2016

b) **Duración do contrato:** DEZ ANOS contados a partires da acta de inicio da prestación do servizo, prorrogables ata un máximo de CINCO ANOS máis segundo o artigo 72 da LOTT.

Lugo, 21 de marzo de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA, Ana Prieto Nieto.

R. 0829

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16 de marzo de 2016, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2016. (EXPTE. REF 5-2016).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** a realización de traballos de desbroce de pistas de diversas parroquias do termo municipal de Lugo durante o ano 2016

b) **Prazo de execución:** será de TRES MESES a desenvolver entre os meses de xuño a setembro do ano 2016 fixándose o día de comezo na acta de inicio que se asine a tal efecto.

Este prazo de tres meses poderá prorrogarse os días necesarios ata o remate do mes de outubro se as circunstancias –a criterio do responsable do contrato- o aconsellaran para dar cumprimento ó contrato.

Así mesmo o contrato poderá ser obxecto de prórroga para o ano 2017, por mutuo acordo das partes, adoptado durante o primeiro trimestre do ano 2017, polo mesmo período de execución sinalado anteriormente.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedimento:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O prezo por quilómetro de desbroce é de 148 €/quilómetro máis o 21% IVE (31,08 euros) resultando un total de 179,08 euros/quilómetro IVE incluído.

-O número estimado máximo de quilómetros a desbrozar son 700.

En consecuencia o valor estimado do contrato, tendo en conta o número estimado de quilómetros, o prezo unitario e a duración do contrato incluídas as prórrogas, ascende á cantidade de 207.200 euros IVE excluído.

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (Zona de servizos: perfil do contratante)